


Concurso de Narración e Poesía en Lingua Galega 2022

O Departamento de Lingua Galega e Literatura, e o Equipo de Dinamización Lingüística (EDL), en conmemoración do Día Mundial do Libro e mais o **Día das Letras Galegas 2022** (dedicado a **Florencio Delgado Gurriarán**), convoca un Concurso de Narración e Poesía que se rexerá polas seguintes


BASES

- 1.- Poderá participar o alumnado matriculado neste Instituto durante o presente curso académico 2021-2022 con un **traballo (máximo un por xénero)** que deberá ser **inédito** e non presentado a ningún outro concurso.
- 2.- Entrega de traballos: O tema dos traballos é libre. Presentaranse mecanografados a dobre espazo por unha soa cara. A extensión máxima para Narración será de 5 folios numerados; para Poesía, extensión libre.
- 4.- O traballo deberá entregarse dentro dun sobre. O sobre levará escrito por fóra: 1) o título da obra ou lema (*nick*) do autor, 2) a categoría á que se presenta e 3) o xénero escollido. Dentro dese sobre irá o traballo e mais outro sobre pechado, co título da obra ou lema. Dentro do sobre, un papel (plica) indicará: a) Título, b) Categoría, c) Curso e d) Nome do autor ou autora.

Sobre por fóra:



Dentro do sobre:



O traballo
Sobre co lema, e dentro deste
un papel onde indique:
-Título ou Lema
-Nome
-Curso

- 3.- **Prazo**: Os traballos serán entregados no **buzón** destinado a este fin e situado **baixo a fiestra da Biblioteca** antes das 22,00 horas do **18 maio**.
- 4.- **Fallo**: O xurado estará integrado polo profesorado do Departamento de Lingua Galega, que emitirá o seu fallo durante a semana de celebración do Día das Letras.
- 6.- **Categorías** e premios: Haberá dúas **Categorías: A (ESO e FPB)** e **B (Bacharelato e Ciclos)**. En cada categoría poderase escoller entre os dous xéneros (Poesía ou Narración), e en cada unha delas dous **premios (1º e 2º)**, dotados cun vale de material de 60 € e 40 € respectivamente. Os/As participantes do Concurso só poderán obter un premio como máximo.
- 7.- O fallo deste xurado é inapelable e para concorrer a estes Premios é imprescindible acatar estas Bases.

A Coruña, 5 de abril de 2022

Dptos. Lingua Galega e EDLG